



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/3696/2023 23/02/2023

Area / Unidade RR.HH PE0000 ASR	Documento 10817I02H2	
Código de verificación  6E1B 5N5M 0R2P 3L1G 0S4O	Expediente 108/2023/404	
	Data 22-02-2023	

Asunto: Autorización cobertura temporal, en comisión de servizos, do posto da xefatura de Servizo de Deportes

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O Coordinador Xeral Municipal, con data 08 de febreiro de 2023 e código de verificación 2Y4O 1K4M 4W2F 2L6Y 152J, remite ao servizo de RR.HH. unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de Xefatura do Servizo de Deportes, nº referencia 440 da RPT.

A Xefatura de Servizo de Deportes, que ocupa D. Fernando Pérez San Vicente, queda vacante como consecuencia da presentación da súa renuncia o pasado 30/01/2022, o que determina a necesidade da súa cobertura de forma urgente.

Este posto é indispensable para o funcionamento do Servizo Municipal de Deportes, polo que é necesario que se cubra mediante unha comisión de servizos.

Por este motivo, remítolle este oficio co fin de que se poña en marcha a dita convocatoria.

Segundo.- Con data 08 de febreiro de 2023, o Servizo de RR.HH. publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal do seguinte posto de traballo, en base a petición efectuada polo Coordinador Xeral Municipal:

- Xefatura de Servizo de Deportes, referencia 440

No citado anuncio, indicase que o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúna os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que quixera participar nesta convocatoria, deberá presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Cod.	Unidade Org.	Ref.	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	E. Espec.	FP	Adm
Deportes	DJ0000	Deportes	440	Xefe/a de Servizo	A1	28	AX/AE	FR14 ED	CE	TD

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da CCAA de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, establece que o persoal funcionario de carreira con destino definitivo poderá ocupar, excepcionalmente e de maneira temporal, un posto de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario sempre e cando pertenza ao corpo ou escala e reúna os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

As comisións de servizos poderán acordarse, entre outros supostos, para desenvolver un posto de traballo cando estea vacante; entendendo que un posto está vacante cando non ten titular, cando o seu titular estea ocupando outro posto en comisión de servizos ou cando estea de permiso por parto, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.

O posto da RPT nº 440, de Xefatura do Servizo de Deportes, actualmente atópase vacante.

Segunda.- O Xefe de Servizo de Recursos Humanos, co conforme do Director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, con data 20/02/2023 e código de verificación 3P4G 682S 3D6X 490E 1CPZ, unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV das persoa candidatas presentadas, emite unha proposta de nomeamento de Dona Eva Blanco Sánchez, en comisión de servizos, no posto de Xefa do Servizo de Deportes (ref. posto 440).

Copia auténtica. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por INTERVENCIÓN GENERAL. AYO A CORUÑA a las 13:10 del día 22/02/2023, Dir. Área de Economía, Facenda e Réxime Interior (MANUEL ANGELO JOSÉ LOSADA) a las 20:05 del día 22/02/2023, Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (JOSE MANUEL LAJE TUNAS) a las 13:43 del día 23/02/2023 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA. AYO A CORUÑA a las 13:44 del día 23/02/2023. Mediante el código de verificación 6E1B5N5M0R2P3L1G0S4O puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/3696/2023 el 23/02/2023



Terceira.- Cabe indicar, en relación á motivación da adxudicación dun posto en comisión de servizos á persoa considerada máis idónea, a sentenza nº 472/2022 do 1 de xuño de 2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a cal establece que ao tratarse dun sistema excepcional e temporal non require un proceso de selección ordinario no que exista unha publicitación dun baremo e unha valoración provisional de méritos. A comisión de servizos é unha vía excepcional de provisión temporal dun posto de traballo cuxa cobertura resulta necesaria e urxente a través da designación do persoal funcionario de carreira que resulte idóneo e cumpra as esixencias para o seu eficiente desempeño. Por tanto, esa nota de urxencia e idoneidade, outórgalle un plus de discrecionalidade á Administración convocante, respectando sempre os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Por tanto, considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de Xefatura do Servizo de Deportes (ref. posto 440) e co fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento no servizo de Deportes, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e o art. 30 do Decreto da Xunta de Galicia 151/2022, do 4 de agosto e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos establecidos na RPT en vigor, procede destinar a Dona Eva Blanco Sánchez, en comisión de servizos, ao posto de traballo de Xefa de Servizo de Deportes, referenciado co número 440 na RPT.

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata o 31 de agosto de 2023. Dita comisión de servizos pode prorrogarse, respetando os límites máximos establecidos na normativa vixente, ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Cod.	Unidade Org.	Ref.	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	E. Espec.	FP	Adm
Deportes	DJ0000	Deportes	440	Xefe/a de Servizo	A1	28	AX/AE	FR14 ED	CE	TD

Quinta. O posto de orixe de Dona Eva Blanco Sánchez, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Cod.	Unidade Org.	Ref.	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	E. Espec.
Alcaldía e Estr.Urbana	AL0000	Alcaldía e Estr.Urbana	2142	Técnica Sup. de Xestión	A1	22	AX	FR10

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 340 do orzamento prorrogado ao ano 2023, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Sétima.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1.- Destinar a Dona Eva Blanco Sánchez (NIF ***6618**), en comisión de servizos, ao posto de Xefatura do servizo de Deportes, número440 da RPT As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Cod.	Unidade Org.	Ref.	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	E. Espec.	FP	Adm
Deportes	DJ0000	Deportes	440	Xefe/a de Servizo	A1	28	AX/AE	FR14 ED	CE	TD

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata o 31 de agosto de 2023. Dita comisión de servizos pode prorrogarse, respetando os límites máximos establecidos na normativa vixente, ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución á interesada, e ao Coordinador Xeral Municipal.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas